



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

ANUNCIO

Expediente núm. 2025/E001/000006

2025/G003/001322

No procedemento de referencia a Alcaldía ditou o Decreto núm. 1279/2025, do 2 de xuño (2025/G003/001322), corrixido polo Decreto núm. 1301/2025, do 5 de xuño (2025/G003/001333) que, literalmente, di:

“DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL, XESTIÓN ECONÓMICA, EMPREGO, SEGURIDADE E ATENCIÓN CIDADÁ DE CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TRES (3) PEÓNS/PEOAS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA APROL RURAL PARA O ANO 2025

ANTECEDENTES DE FEITO

No DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025, publicouse a Orde do 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código do procedemento TR351G).

Este concello solicitou unha subvención ao abeiro da referida convocatoria.

A través de Resolución da Dirección Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, que leva data do 15/05/2025, foille concedida a esta entidade local unha subvención por importe de 49.806,00 € para a contratación de tres persoas coa categoría de peón/peoa por un período de nove meses.

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, en virtude da delegación de atribucións efectuada a través do Decreto da Alcaldía núm. 2000/2024, do 4 de novembro (BOP núm. 216, do 08/11/2024), ditou a providencia de inicio do procedemento, que leva data do 19/05/2025.

No expediente obra a proposta de bases efectuada asinada pola concelleira-delegada de Área o 27/05/2025.

Segundo a Orde da convocatoria as contratacións terían como prazo límite para a súa formalización o 15/07/2025.

O técnico de administración xeral (TAX) encargado da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable que leva data do 27/05/2025.

Pola súa vez, a Intervención Municipal emitiu o informe de fiscalización núm. 271/2025, do 30 de maio, en sentido desfavorable.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O referido informe do funcionario TAX, nos seus apartados II e III, sinala:

“II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

Primeira. A exposición de motivos da Orde do 5 de marzo de 2025, antes citada, no que aquí interesa, sinala:

“Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións relativas á xestión das políticas activas de emprego.

Corresponde, pois, á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para o exercicio orzamentario 2025, a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas, por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, do respectivo plan anual de fomento do emprego digno (PAFED).

As recomendacións da UE en materia de emprego diríxense a que os Estados membros deben descentralizar a xestión das políticas de emprego, de forma que estas se acheguen e adecúen ás necesidades concretas de cada territorio e á realidade do mercado de traballo local co fin de acadar unha estratexia de acción común. Estas directrices poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo no ámbito local desde a perspectiva de que existen novos viveiros de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, e no ámbito local é onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

Entre as competencias que en materia laboral corresponden a esta comunidade autónoma, conforme o establecido no artigo 29.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, está a de promoción do emprego. Para lograr a converxencia con España e a Unión Europea, Galicia debe aumentar a súa taxa de emprego, mellorando as condicións de empregabilidade e proponendo oportunidades de integración social e laboral, especialmente entre aqueles grupos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión e, consecuentemente, maiores dificultades para a súa inserción social e laboral.

Pola súa banda, a disposición adicional segunda do Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, que regula os programas comúns das políticas activas de emprego, establece que as comunidades autónomas poderán desenvolver programas propios adaptados á realidade do seu ámbito territorial.

En Galicia, a superficie forestal constitúe máis do 65 % do territorio, repartida en 313 concellos con 31.550 núcleos de poboación, dos cales máis do 90 % teñen unha poboación inferior aos 500 habitantes. O monte desempeña una tripla funcionalidade: social, ambiental e económica. Os recursos que proporciona benefician toda a sociedade, polo que obriga as administracións públicas a velar pola súa conservación e protección. Este importante valor que o monte desempeña en Galicia vese ameazado pola xeración de incendios forestais que afectan a riqueza ambiental e paisaxística e as actividades agroforestais, e implican un gran reto para calquera política de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia. A política de defensa do medio rural contra os incendios, pola súa vital importancia para o país, non pode ser



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

implementada de forma illada, senón integrándose nun contexto máis amplo de planificación do territorio e de desenvolvemento, comprometendo todas as administracións.

Así, este programa trata de dar un enfoque global ás liñas de fomento do emprego público ou institucional, desde a dobre perspectiva de, por unha banda, servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional das persoas traballadoras desempregadas que participen neles, e, por outra, de apoiar as entidades locais na prevención dos incendios forestais, así como na dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural que axuden á súa preservación.

Con esta finalidade impleméntase esta convocatoria de subvencións, como instrumento a través do cal se ofrece ás persoas demandantes de emprego unha oportunidade para adquirir unha experiencia laboral mínima que poida permitirlle a súa futura inserción no mercado de traballo, canalizando a práctica laboral adquirida cara a ocupacións que faciliten unha maior estabilidade no emprego.

O obxectivo fundamental desta medida é facilitar a mellora da empregabilidade da poboación desempregada a través da adquisición de experiencia profesional naquelas áreas rurais e con menos oportunidades laborais que perden veciñanza ano tras ano. Por esa razón, e ao abeiro dos principios de cooperación e colaboración administrativa en prevención e defensa contra incendios, incéntivase a contratación por parte dos concellos que contan con menos de 50.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE)”.

Segunda. A Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego, no apartado 1 da súa disposición adicional novena, establece o seguinte: “1. *Las Administraciones públicas y, en su caso, las entidades sin ánimo de lucro podrán realizar contratos vinculados a programas de políticas activas de empleo previstos en esta ley con las personas participantes en dichos programas.*

La duración de estos contratos no podrá exceder de doce meses y, en el caso de la contratación realizada por Administraciones públicas, los procesos de selección deberán observar los principios de igualdad, mérito y capacidad”.

A posibilidade que se abre con esta disposición está limitada a aqueles casos nos que os programas para a activación para o emprego a que se refire o TRLE, os desenvolvan o Estado e as Comunidades Autónomas, o que ocorre no presente caso, xa que as entidades locais non dispoñen de competencias para a xestión deste tipo de políticas logo da supresión do artigo 28 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) polo artigo 1.11 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local. (O citado artigo 28 foi dotado de contido polo Real decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, pero senque teña relación coa redacción anterior).

Terceira. A modalidade de contratación a utilizar será a que sinalan tanto o artigo 15.1 da mencionada Orde e maila resolución de concesión da subvención, que somete a percepción do importe económico da achega a tres condicións. O contido das dúas primeiras é o seguinte:

“1ª.- A selección das persoas traballadoras realizarase na forma prevista no artigo 14 da orde de convocatoria e para a contratación, segundo o establecido no artigo 15, empregarase exclusivamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405).

2ª.- **A data límite para formalizar a/as contratación/s é o día 15 de xullo de 2025.** Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, este departamento territorial



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

poderá autorizar o inicio do servizo con posterioridade, previa solicitude para o efecto da entidade subvencionada”.

Cuarta. A Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023 (LOXE 2023), prorrogada para o ano 2025, ao igual que as leis de anos precedentes, establece restricións á contratación de persoal temporal a aos nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino, limitando esas posibilidades a casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables (artigo 20.Cinco, de carácter básico e aplicable a todas as administracións públicas, como sinala o apartado Nove do indicado precepto).

Esta restrición á incorporación de persoal temporal está orientada a reducir o gasto público e ten un carácter xeral, pero a súa intensidade diminúe ou palidece en casos como o presente no que existe unha finalidade de fomento do emprego das persoas con dificultades de inserción do mercado de traballo.

Por esta razón, o funcionario que subscribe considera que a contratación, na modalidade de contrato expresada, resulta conforme a dereito.

Quinta. As bases da convocatoria respectan as esixencias da citada Orde, polo que se informan favorablemente.

Sexta. A atribución para aprobar o expediente corresponde, de inicio, á Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL). Porén, a través do Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, de delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal (BOP núm. 216, do 08/11/2024) esta competencia, entre outras, foi delegada na concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá.

III. CONCLUSIONES

a) Infórmase e favorablemente a proposta de bases de selección e a modalidade de contrato de traballo a utilizar, nos termos antes indicados.

b) Correspóndelle á concelleira-delegada de Área, por delegación da Alcaldía, efectuar a convocatoria, aprobar as bases e ditar as demais resolucións precisas no seo do procedemento”.

O informe de fiscalización núm. 271/2025, do 30 de maio, foi emitido en sentido desfavorable, pero sen formular reparo suspensivo.

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1º) Efectuar a convocatoria para a selección de tres (3) peóns/peoas para ser contratados/as por un período de nove meses, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G).

2º) Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que teñen a seguinte redacción:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

“BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL NO MARCO DA ACTUACIÓN DE FOMENTO DO EMPREGO **APROL RURAL**”

1. Obxecto da convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é dar cobertura ao proceso de selección de tres (3) persoas coa categoría profesional de **peón/peoa**, en cumprimento da subvención concedida ao concello para a referida contratación ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025, publicada no DOG núm. 50, do 13/03/2025 (APROL RURAL) co número de expediente TR351G2025-000000070-01. Afecta unicamente a aquelas persoas que remita a Oficina de Emprego das Pontes, nos termos das bases Cuarta, Quinta e concordantes.

2. Período e modalidade de contratación e retribucións.

A duración do contrato establécese en nove meses. A modalidade de contratación é a de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral (código do contrato 405), ao abeiro do disposto no apartado 1 da disposición adicional novena do texto refundido da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego). A retribución é a que obra no expediente.

3. Sistema de selección.

O sistema de selección é o de oposición.

4. Requisitos das persoas aspirantes.

Os aspirantes deben cumprir os requisitos que se expoñen a continuación:

- a) Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- b) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función (capacidade funcional).
- c) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- d) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- e) Estar inscrita no Servizo Público de Emprego.
- f) Cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos pola Orde da convocatoria, que no seu artigo 14, sinala:

“Artigo 14. Requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras

1. Las personas trabajadoras que se contraten para la realización de las obras y servicios, y por las que se otorgue la subvención, deberán ser personas desempleadas inscritas en el Servicio Público de Empleo de Galicia como demandantes no ocupadas y estar disponibles para el empleo. Estos requisitos deberán cumplirse tanto en el momento de la selección como en el de la formalización del contrato de trabajo vinculado a programas de políticas activas de empleo.

Será la entidad beneficiaria de la subvención la responsable de comprobar que, en el momento del inicio de la relación laboral, la persona seleccionada esté inscrita en la oficina de empleo como demandante no ocupada y disponible para el empleo.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

2. Las personas trabajadoras con contrato por tiempo indefinido fijo discontinuo, inscritas como demandantes de empleo en cualquier oficina de empleo de Galicia también podrán ser contratadas con cargo a las ayudas previstas en esta orden, siempre que su contratación resulte posible en función de la duración del contrato subvencionado y del contrato fijo discontinuo que hayan suscrito, así como de la duración del período de no actividad.

3. Las personas trabajadoras que hayan sido contratadas en el programa Aprot rural (TR351G), por un período igual o superior a nueve meses con cargo a las ayudas concedidas en el año 2024 por la Consellería de Empleo, Comercio y Emigración, en el ámbito de colaboración con las entidades locales, no podrán ser contratadas con cargo a las ayudas previstas en esta orden, excepto que lo hayan sido en ayuntamientos rurales de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE).

4. Las entidades beneficiarias de la subvención solicitarán las personas trabajadoras que necesiten mediante la presentación de oferta de empleo en la oficina pública de empleo, en los modelos normalizados al efecto, haciendo referencia a los requisitos y características que deben reunir las personas trabajadoras que se contratarán para el adecuado desempeño de las funciones inherentes a los puestos de trabajo ofertados; deberá presentarse una por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder a la codificación prevista en el Catálogo nacional de ocupaciones (CNO), de conformidad con los siguientes principios generales:

a) La oferta, en su formulación, no podrá contener elementos que puedan servir de base para cualquier tipo de discriminación que no responda a los criterios preferenciales establecidos en el apartado 5 o se traten de favorecer los colectivos enumerados en este. Deberá utilizar un lenguaje inclusivo, con especial atención en la eliminación de los estereotipos de género, tanto en su redacción como en las imágenes que acompañen a la publicación.

b) En ningún caso podrá incluirse ni admitirse como criterio de emparejamiento la posesión de experiencia laboral.

c) Podrán admitirse como criterios de emparejamiento los relativos a la titulación, formación y otro tipo de conocimientos, siempre que estén justificados en el expediente de solicitud y sean coherentes con la resolución de concesión.

d) Las entidades locales deberán presentar las ofertas, preferentemente, con una antelación mínima de 15 días hábiles a la fecha prevista para realizar las correspondientes contrataciones, en la oficina pública de empleo que corresponda a la dirección del centro de trabajo del puesto o puestos ofertados. Cuando una entidad disponga de centros de trabajo que se correspondan con el ámbito territorial de más de una oficina de empleo, podrá concentrar la tramitación de todas las ofertas en la oficina a que le correspondan más puestos de trabajo ofertados.

5. Recibida la oferta, se realizará un sondeo de demandantes en función de sus características, atendiendo a la mayor adecuación al puesto de trabajo ofertado, proporcionando, de ser posible, el número de personas candidatas por puesto de trabajo que solicite la entidad beneficiaria, que en ningún caso podrá ser inferior a dos ni superior a diez. La remisión de nuevas personas candidatas solo procederá cuando la entidad justifique documentalmente su necesidad por incumplimiento de los requisitos de la oferta o por rechazo voluntario o incomparecencia de las remitidas.

6. Tendrán preferencia las personas que tengan prevista la realización de este tipo de medidas en su itinerario de inserción laboral y, en todo caso, los colectivos con especiales dificultades de inserción laboral, tales como:

a) Personas desempleadas que participaran en talleres de empleo, programas integrados de empleo, programas mixtos de formación y empleo o acciones formativas dirigidas prioritariamente a personas trabajadoras desempleadas (AFD), relacionadas con el ámbito forestal, conservación y mejora de montes, silvicultura, agricultura, ganadería y jardinería.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

- b) Personas integrantes de colectivos desfavorecidos o en riesgo de exclusión social, especialmente las personas beneficiarias de la renta de integración social de Galicia.*
- c) Mujeres, en especial aquellas que acrediten la condición de víctimas de violencia de género, de trata de seres humanos o de explotación sexual.*
- d) Menores de 30 años, en especial las personas demandantes del primer empleo o aquellas sin cualificación profesional.*
- e) Personas paradas de larga duración.*
- f) Personas con discapacidad.*
- g) Personas desempleadas que hayan agotado las prestaciones y subsidios por desempleo a que tuviesen derecho.*
- h) Personas desempleadas mayores de 45 años.*
- i) Personas trans.*
- j) Personas emigrantes retornadas o personas extranjeras con autorización o permiso de residencia y trabajo en España.*

Asimismo, se tendrá en cuenta el menor nivel de protección por desempleo de las posibles personas beneficiarias, así como la existencia de responsabilidades familiares, entendiéndose por estas tener a cargo de la persona trabajadora desempleada que se contrate al/a la cónyuge, pareja de hecho, hijos e hijas menores de veintiséis años o mayores con discapacidad, personas mayores incapacitadas o menores en acogimiento.

7. Excepcionalmente, después de solicitud debidamente justificada por parte de la entidad, y de la preceptiva autorización expresa de la persona responsable del respectivo departamento territorial de la Consellería de Empleo, Comercio y Emigración, podrán utilizarse ofertas especiales con vinculación nominal. Las personas seleccionadas por el procedimiento descrito en este número deberán, en todo caso, cumplir los requisitos establecidos por los apartados 1 o 2, y 3 de este artículo.

8. Las personas candidatas serán remitidas a la entidad beneficiaria con el fin de que esta realice la selección definitiva, que le deberá ser notificada, para su conocimiento, a la correspondiente oficina de empleo.

9. Las incidencias y reclamaciones que se puedan suscitar, derivadas de los procesos de selección, serán resueltas por la entidad promotora.

10. Al tratarse de un programa encuadrado en el marco de las políticas activas de empleo que busca incrementar la empleabilidad de las personas desempleadas, en el proceso de selección se seguirán los criterios establecidos por el Servicio Público de Empleo de Galicia para la cobertura de ofertas de empleo, por lo que no será aplicable la normativa establecida para los procedimientos de selección del personal de las distintas administraciones públicas; las personas trabajadoras seleccionadas no se considerarán incluidas en las correspondientes plantillas o relaciones de puestos de trabajo y, consecuentemente, no será precisa oferta de empleo público previa.

11. Las contrataciones que se realicen no podrán tener por objeto cubrir puestos de trabajo vacantes en la relación de puestos de trabajo de la entidad beneficiaria.”

5. Procedemento de selección.

A entidade local beneficiaria deberá solicitar ás persoas demandantes non ocupadas mediante a presentación dunha oferta de emprego específica nunha oficina de emprego da Xunta de Galicia, con suxeición ao establecido no artigo 14 da Orde, antes transcrito.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

6. Presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego.

Remitirase na forma e prazos especificados na Orde da convocatoria, así como na resolución de concesión de subvención e cos requisitos que dita Orde explicita, unha Oferta para determinar o número de candidatos/as a remitir polo Servizo Público de Emprego (art. 14 da Orde de 5 de marzo de 2025, DOG núm. 50, do 13/03/2025).

7. Comisión Seleccionadora.

O órgano de selección -integrado por persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo da entidade local- estará formado polos membros seguintes, todos eles con voz e voto:

Presidente titular: Anselmo Pellón Augusto

Presidente suplente: José Sanjurjo Paz

1º Vogal titular: José Ramón Domínguez Fernández

1º Vogal suplente: Ernesto Gancedo Herreras

2ª Vogal titular: Margarita Rivera Piñeiro

2ª Vogal suplente: Isabel Carballo Rivera

3º Vogal titular: José Cabaleiro Franco

3º Vogal suplente: Brais Doval Pazos

Secretaria titular: Ana Isabel Caaveiro Franco

Secretaria suplente: Noelia Tembrás Tembrás

8. Criterios a valorar no proceso selectivo.

8.1. Será criterio preferente a adecuación ao posto de traballo dos aspirantes, dentro da valoración xeral do perfil profesional que figure no Servizo Público de Emprego.

A Comisión Seleccionadora decidirá por maioría o xeito de adxudicación en función do citado perfil. Realizarase un **exercicio oral e/ou práctico** ao persoal remitido pola oficina de emprego, que consistirá na formulación de **dez (10) preguntas e/ou probas prácticas** sobre algunha das materias ou cometidos seguintes:

1º) Procesos de traballo dun peón: ferramentas, equipos, materiais e medios auxiliares.

2º) Recoñecemento de ferramentas utilizadas en desbroce.

3º) Manexo de cargas: tipoloxía e modalidades de utilización.

4º) Mantemento de xardíns. Segar e acumulación de materiais.

5º) Mantemento de cunetas e zanxas.

8.2. Os/as aspirantes que non posúan acreditación CELGA 2 ou equivalente (ou superior) terán que realizar un exercicio de conversación, de duración non superior a dez minutos, que se cualificará como **apto/a** ou **non apto/a**, sendo a cualificación de **non apto/a** causa de eliminación do proceso selectivo.

As persoas aspirantes respecto das que non figure no currículo/expediente o nivel de CELGA



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

deberán achegalo o día da celebración do exercicio da fase de oposición.

9. Cualificación e proposta de contratación.

Cada pregunta ou proba será puntuada entre cero (0) e un (1) puntos, resultando preciso obter unha puntuación mínima de cinco **(5) puntos para superar o exercicio.**

As tres persoas aspirantes que, tendo superado o exercicio e, de ser o caso a proba de galego, obtivesen a maior puntuación serán propostas para a súa contratación.

10. Lista de espera.

Coas restantes persoas aspirantes que acadasen un mínimo de cinco (5) puntos e superasen, de ser o caso, a proba de galego, constituirase unha lista de espera, á que acudir, chegado o caso, para cubrir eventuais baixas ou renuncias das persoas propostas e/ou contratadas.

As persoas integrantes da lista de espera que renunciem ao chamamento, pasarán ao último lugar da lista, agás que esta renuncia estea motivada por atoparse de baixa (incapacidade temporal), ou nas situacións protexidas de maternidade ou paternidade, supostos nos que non se perderá a posición.

11. Reclamacións e recursos.

Contra as cualificacións de cada exercicio efectuado polo Tribunal poderán reclamar os interesados perante este no prazo dos tres días seguintes ao de ser publicados.

Contra a proposta de aprobados, publicación de lista de espera, etc. efectuada polo órgano de selección, poderá interpoñerse o recurso de alzada regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes, perante o concelleiro-delegado da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, ou perante a Alcaldía.

Contra a Resolución do concelleiro-delegado de Área de nomeamento das persoas aspirantes seleccionadas, lista de espera, etc., cabe interpor recurso potestativo de reposición perante o dito concelleiro no prazo dun mes; ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol ou, á súa elección, o Xulgado da circunscrición na que aquela teña o seu domicilio.

12. Presentación da documentación.

As persoas aspirantes seleccionadas deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas na Base Cuarta no prazo de tres días hábiles, a contar dende a publicación da lista coa puntuación final e a proposta de contratación

Cumpridos os anteriores requisitos, pola concelleira-delegada de Área procederase ao nomeamento e posterior contrato.

13. Impugnación.

As presentes bases poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

14. Norma final.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local; no texto refundido da Lei do Estatuto do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, no texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e na normativa de desenvolvemento da lexislación indicada”.

3º) Remitir a correspondente oferta á Oficina Pública de Emprego

4º) Publicar a presente convocatoria e as súas bases no taboleiro electrónico municipal e na páxina web do concello”.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá

Ana María Pena Purriños